

A VIÚVA

Neil Jordan, 2018

534

ESTREA EN NUMAX: 31.05.2019 | V.O.S.E. | +12

Greta (2018, 98')

Dirección: Neil Jordan

Guión: Ray Wright, Neil Jordan

Elenco: Isabelle Huppert, Chloë Grace Moretz, Maika Monroe, Stephen Rea, Colm Feore, Zawe Ashton

Son: Ray Cross

Montaxe: Nick Emerson

Dirección de arte: Jason Clarke, Fiona Gavin

Vestuario: Jodi Bowers, Nicola Flynn, Ciara James, Amy Kerslake

Música: Dominik Scherrer

Fotografía: Seamus McGarvey

Produtora: Anonymous Content, Sidney Kimmel Entertainment, Lawrence Bender Productions, Little Wave Productions (Irlanda / Reino Unido)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Toronto 2018 (Preestrea)

FILMOGRAFÍA

La extraña que hay en ti, 2007

El fin del romance, 1999

Michael Collins, 1996

Entrevista con el vampiro, 1994

Juego de lágrimas, 1992

Nunca fuimos ángeles, 1989

En compañía de lobos, 1984

SINOPSE

Frances é unha doce e inxenua moza que, tras a morte da súa nai, se muda a Manhattan. Cando encontra no metro un bolso extraviado, decide entregarllo á súa lexítima dona, Greta, unha pianista viúva cunha desesperada necesidade de compañía. Axiña se convierten en amigas, pero a súa amizade muda cando se descubren as sinistras intencións de Greta.

«Nunca Isabelle Huppert deu tanto medo. Si, liches ben»

Irene Crespo, CINEMANÍA



Notas do director

Neil Jordan

O que me atraeu d'A *viúva* foi a simplicidade da historia. Unha moza, unha viúva e un bolso de coiro verde extraviado. A idea de que calquera encontro casual pode ser o xérmolo dunha grande amizade, ou ben, dos temores dunha necesidade obsesiva, era moi interesante. Aquí non hai pantasmas, nin elementos sobrenaturais, nin monstros, só a soidade humana como fonte de todo terror. E en realidade, se o pensas, é terrorífico de abondo. Desenvolvémolo como un thriller psicolóxico entre tres mulleres, e tiven a inmensa sorte de contar con tres actrices marabillosas como Isabelle Huppert, Chloe Moretz e Maika Monroe para interpretalas.

“Quería unha peza de música clásica coñecida para crear algo terrorífico”

Entrevista con Neil Jordan

Por Tatiana Hullender

Tes dito que o máis normal é que A *viúva* fose interpretada por un home e unha muller. Que che fixo mudar cara a unha historia maternal entre

dúas mulleres? Viña no guión. Eu non escribín o texto, foi elaborado por un guionista chamado Ray Wright que vive en Hollywood. Era un thriller de xénero puro pero con varios elementos fascinantes. Supoño que un deles era o bolso. Pero seguramente o principal foi a figura do monstro, un *barbazul* que normalmente sería interpretado por un home, xa sexa un demente de rostro deforme con problemas maternofiliais ou unha persoa sofisticada ao estilo de Jeremy Irons ou Christoph Waltz. Pero non, era unha muller e aí empecei a pensar que o material era realmente interesante. Esta circunstancia achegaba dous elementos. Por unha banda traslada a dimensión sexual cara a unha relación obsesiva que ten a ver coa maternidade e a soidade. Pola outra, a figura do vilán acadaba maior sofisticación. Ela é elegante, sabe francés, toca o piano, sabe preparar deliciosas cuncas de té, fornea esas estrañas galletiñas... Pensei que un filme sobre unha nai tan demente que procura substituír a súa filla era interesante.

Facer que a moza deixe de medrar.

Exactamente.

Outro aspecto que atopei profundamente interesante foi o papel desempeñado pola lei na historia. Foi unha escolla consciente ou hai unha mensaxe que querías transmitir? Teño que advertir dunha cousa. Son de Irlanda, e a policía irlandesa é sorprendentemente ineficaz. Pero tiven que documentarme sobre como funciona a cousa en Nova York. Investiguei todo o que puiden sobre que podía facer a policía contra unha

persoa que fica de pé mirando para ti no teu posto de traballo nun restaurante. É un crime? Non estou seguro. Ou o acoso telefónico, é ilegal? Penso que aínda non, se cadra nalgún momento chegue a selo. Deixar o teu bolso no metro co teu enderezo é un crime? Se cadra non. O que si é un crime é o que sucede despois, pero todo o que leva ao desenlace do filme non é propiamente delictivo.

Tes dito que querías atemorizar o público con música fermosa e coido que o conseguiches plenamente.

Tenteino, si. Ten a ver co personaxe que quixen crear para Isabelle Huppert. Ela preséntase como francesa, é atractiva e sedutora, pero realmente ten unha misteriosa liñaxe húngara. E o caso é que Hungría ten unha gran tradición musical, empezando por Franz Liszt. Chopin é polaco, obviamente, pero ten esa tradición musical europea chea de sofisticación, e tiña claro que quería coller unha peza de música clásica ben coñecida e romántica e crear algo terrorífico. Facer da obra musical algo que puidese ser empregado como unha arma, e iso foi o que fixemos.

Publicado en screenrant.com

Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax